

Fraseoloxía comparada portugués-inglés: *cão/gato-dog/cat*

Antonio Nogueira Santos¹

San Pedro de Moel

Estúdase neste artigo o material fraseolóxico relativo aos motivos do can e do gato na lingua inglesa e en portugués, a través de exemplos de expresións idiomáticas ou palabras compostas tirados non só da lingua corrente senón tamén da obra de varios escritores ou de diferentes formas de literatura popular. Achéganse, así mesmo, explicacións históricas sobre algunhas das expresións menos transparentes.

Palabras clave: fraseoloxía comparada inglés-portugués, lexicoloxía.

The phraseological material related to cats and dogs in English and Portuguese is studied in this paper throughout examples of idioms or compound words. These examples are extracted not only from the spoken language, but also from the works of several writers or from different forms of popular literature. Historical explanations about some of the less transparent expressions are presented as well.

Key words: English-Portuguese comparative phraseology, lexicology

1. A comparación de expresións idiomáticas entre dúas linguas é un proceso prometedor de reveladoras e curiosas conclusións sociolingüísticas sobre a evolución histórica, a mentalidade e a psicoloxía dos pobos tal como quedou cristalizada e expresada, co transcorrer dos tempos, nas respectivas linguas. Un aspecto que destaca nesta comparación é a presenza de animais nesas expresións -o que nada ten de sorprendente, dada a milenaria historia das relacións entre o home e os demais animais que comparten a Terra- en especial aqueles que, unha vez domesticados, conviven con el.

Foi ó compilar material para os meus dicionarios de expresións idiomáticas en inglés e portugués cando me decatei do posible significado desta comparación. En base ó dito

¹ Tradución de Cristina Veiga Novoa.

traballo bosquexei o presente artigo comparando o papel que o can e o gato desempeñan na linguaxe e fraseoloxía portuguesa e inglesa.

A popularidade da que gozan estes dous animais entre os ingleses está amplamente demostrada polas numerosas locucións nas que figuran e que tentamos reunir para este artigo co fin de contrastalas coas portuguesas. Tamén resulta instrutivo comproba-la capacidade polisémica dos respectivos substantivos – neste caso *cat* e *dog*, *gato* e *cão*. Naturalmente, esta análise, nas dúas linguas, revela coincidencias e diverxencias que son consecuencia, predominantemente, de factores de orde cultural.

2. Illado, o substantivo *gato/cat* non só designa o animal felino. Así, en portugués, *gato* pode te-los sentidos de: a) grampa metálica; b) erro, descoido. O feminino *gata* pode designar: a) certo tipo de vela; b) áncora; c) (xerga) borracheira; d) suspenso (en exame); e) meretriz; f) muller de mal xenio. Pola súa parte, *cat* encóntrase nas seguintes acepcións: a) cacho de madeira afiado nas puntas que se usa no xogo infantil *tip-cat* (a billarda); b) nos EUA, *cat* (tamén coa grafía *kat*) é un termo coloquial de: tipo, guicho, tío; home/muller; afeccionado ó jazz; c) (xerga arcaica) prostituta; d) (vulg) vaxina – suplantado por *puss(y)*- o que recorda o portugués *rata*.

Lembremos, tamén, que o gato inglés pode ser coñecido por: a) *gib* (diminutivo do nome propio Gilbert), gato (macho, especialmente castrado); b) *grimalkin*, termo xenérico para gato, máis especificamente unha gata vella; c) *kit/kitten/kitty*, diminutivo de gato (epiceno); d) *mog/moggie/moggy* (vulg), termo xenérico de gato; e) *mouser* ou *ratter*, gato que é bo cazador de ratos; f) *puss/pussy(cat)*, diminutivo epiceno. A lingua inglesa non ten unha palabra para designa-la gata: *cat* é substantivo epiceno ó que se pode facer referencia na lingua corrente con *he*, *she* ou *it*. Cando se pretende sinalar que o gato é macho úsase o substantivo *tom* ou *tomcat*. Pero si existe o diminutivo *kitten* (gato pequeno de pouca idade, gatiño).

Canto ás locucións, enumeremos primeiro aquelas que teñen formas e contidos moi semellantes nas dúas linguas: a) *In the dark all cats are grey* – *De noite todos os gatos são pardos*; b) a persoa á que a experiencia lle aconsella ser extremadamente cautelosa é, metaforicamente, para un inglés, *a scalded cat*; ó igual que os portugueses aprenderon que *O gato escaldado da água fria tem medo*; c) *O gato apressado corre sobre brasas* se é portugués e *on hot bricks* (sobre tixolos quentes) se é inglés; d) as persoas que están permanentemente en conflito di un portugués que *vivem como o cão e o gato*; un inglés recorre á mesma imaxe, dicindo *they fight/live like cat and dog* ou *they have a cat-and-dog life*; e) *to have a catlick*, *lavar-se como um gato*, superficialmente; f) tanto os portugueses como os ingleses consideran o gato como un animal dotado dunha extraordinaria capacidade de sobrevivir a vicitudes, de escapar a perigos e, por iso, aqueles abribúenlle *sete vidas* ou *sete fôlegos*, mentres que para estes *the cat has nine lives*. Esta desvantaxe de dous anos do gato portugués poderá deberse máis ó sentido cabalístico do número sete cá xenerosidade do inglés para co gato.

Non sempre as características da personalidade do gato se expresan de forma idéntica nas dúas linguas. Portugueses e ingleses ven o gato como un animal arteiro, mañoso, que fai cousas ás agachadas, á calada, con maña e axilidade. Esta idea está patente en

expresións portuguesas como: a) *Aquí há/anda gato!* – exclamación de sospeita perante algo estraño, misterioso; b) do que sucede sen que ningún se decate un portugués di que é algo *feito com mão de gato*; c) se algo desaparece misteriosamente, bótaselle a culpa ó gato exclamando: *O gato comeu!*; d) e o que así desaparece pasa a ser *sardinha que o gato levou*; e) *tirar a sardinha do lume/fogo com mão de gato* e botarlle a man a algo dun golpe audaz e repentino; f) *gato por lebre* – aquilo que se pretende facer pasar por algo que é moito mellor; g) *fazer gato-sapato de alguém* – dominar, apoucar a unha persona, tratándoa con desprezo, burla; h) *gato pingado* – empregado dunha funeraria que, polo deber do seu oficio, asiste ós funerais; i) *gata borralheira* – muller moi doméstica; l) *manteiga em focinho de gato/cachorro/cão*, o que rapidamente se gasta, consome, desaparece; m) *azedo/amargo como rabo de gato* – o que é moi acedo; n) *olhos de gata morta* – ollos semipechados cunha expresión apagada de languidez; o) *amarrar a gata/estar na gata* – embriagarse; p) *andar de gatas* – andar de gatiñas; q) *ir o gato às filhós/filhoses* – roubar alguén algo; r) *não poder nem com um gato/uma gata pelo rabo* – estar completamente exhausto.

Consideremos, a seguir, as locucións idiomáticas inglesas nas que figura o gato: a) *alley cat* – persoa á que lle gusta andar polas rúas, especialmente o noctívago, o bohemio, mesmo o libertino (*to have the morals of an alley cat*); b) *as lean as an alley cat* – persoa moi delgada (para o cal o portugués ten numerosas expresións como: *magro como um cão/espeto; pau-de-virar-tripas; pau-de-vassoura; trinca-espinhas; feixe/carga de ossos; cabide ambulante*); c) *cat's paw* – persoa que é inducida por outra a emprender algo arriscado; d) *to be under the cat's foot* – ser dominado por unha muller; e) *to be made a cat's paw of someone* – ser un xogueiro nas mans doutros, ou tira-las castañas do lume a outros; f) nunha sociedade de enraizadas estratificacións de clase, afirmar que *a cat may look at a king* pode ser unha proclamación de insolencia, de insubordinación ou de igualdade; g) *to let the cat out of the bag* – dicir ou facer algo, deliberadamente ou non, que revela un segredo; *pôr ao sol; desmanchar a igrejinha*; en Portugal, o *gato escondido com o rabo de fora* é a imaxe dun segredo mal gardado; h) un inglés moi rico é *a fat cat*, mentres que un portugués mesquiño *nem sarna dá a um gato*; i) en Inglaterra pregúntase *Has the cat got your tongue?* (¿Comeuche a lingua o gato?) cando alguén cae nun prolongado mutismo, cando *perde a lingua*; l) *to turn the cat in the pan* (col) – cambiar de bando, de opinión, por intereses persoais; *virar a casaca*; m) cando en Portugal *chovem picaretas* ou *a cântaros*, no mundo anglosaxón *it rains cats and dogs*; n) *to see/watch how the cat jumps* é seguir atentamente a evolución dos acontecementos antes de se pronunciar, de se decidir – como cando un portugués di *ver em que param as modas*; o) cruzarse con *a black cat* é, para un inglés, sinal de bo agoiro; p) *to bell the cat* é expoñerse deliberada e altruisticamente a un perigo em beneficio doutros – esta expresión provén da fábula dos ratos que teñen a brillante idea de protexérense pendurando un axóuxere do pescozo do gato, mais non encontran ningún voluntario para tan arriscada empresa; q) para acentuar que un mesmo fin pode atinxirse por diversos medios, a sabedoría popular, en Portugal, recorda que *há moitas maneiras de apanhar moscas*; en Inglaterra, a mesma idea se expresa con *there are more ways than one to kill/skin a cat* (non hai unha única maneira de matar/esfolar un gato); r) *to put/set the cat among the pigeons* (mete-lo gato no pombal) é armar bronca/liorta ou, no B, *tocar fogo na canjica*; s) *to grin like a*

Cheshire cat é rir abrindo a boca ou, máis castizamente, *mostrar a cartucheira, arreganhar a tacha* (anteriormente o famoso queixo de Cheshire tiña a forma dun gato coa boca aberta; o “Cheshire cat” é unha personaxe importante de *Adventures of Alice in Wonderland*); t) un inglés cun ar ostensivo de estar moi satisfeito, ben tratado pola vida, compárase cun gato que rouba o leite ou que come o canario – *looks like the cat that stole the cream* ou *like the cat that ate the canary*; dun portugués tan oufanamente regalado pola vida dise que *parece uma pega sem rabo*, que *não lhe cabe un feijão no rabo* ou que *lambe as unhas de contente*; u) *to shoot the cat* é unha expresión coloquial de ‘vomitar’ (no portugués exprésase a mesma idea con: *gritar pelo Gregório; deitar a carga ao mar; vomitar as tripas; deitar o cabrito fora*); v) *as sick as a cat* dise de quen ten moita náusea ou está vomitando moito; x) *you kill my cat and I will kill your dog* (col) – trocar amabilidades, xentilezas; z) *cat and mouse* – casa, en xerga rimada do *cockney* londiniense, por rimar con *house*; aa) *to feel as if a cat has kittened in one’s mouth* (col) – estar coa resaca dunha bebedeira, que un portugués compara con *saber a boca a papel de música* ou *a ferro-velho*; ab) a circumspecta seriedade do gato é salientada pola expresión *to make a cat laugh* – dicir ou facer algo tan gracioso, tan hilarante que fai rir a un gato (tamén se atopa esta expresión con *dog*); ac) seguindo a mesma lóxica, un inglés considera que aquilo que nos deixa pasmados de espanto é *enough to make a cat speak (and a wise man dumb)*; ad) para expresa-la idea do gato asañado cando se bate nun combate reñido, os ingleses recorren á curiosa frase *to fight like Kilkenny cats*. Esta antiga locución é de orixe irlandesa e, ó parecer, faise eco da lenda de dous gatos dos que só quedaron os rabos despois dunha loita impiedosa. Esta lenda debeu de ser resucitada como alegoría dunha prolongada e dispendiosa disputa entre as municipalidades irlandesas de Kilkenny e Irishtown a finais do século XVII, a cal deixou as súas poboacións reducidas á miseria, como dos gatos só quedaron os rabos. Un *limerick* humorístico, de autor anónimo, condensa o refrán daquela lenda subxacente na locución: *There once were two cats of Kilkenny/Each thought there was one cat too many;/So they fought and they fit;/And they scratched and they bit,/Till instead of two cats there weren’t any.*

Igualmente significativa é a variedade de vocábulos compostos por aglutinación, xustaposición e sufixación que a lingua inglesa acuñou con *cat*, *puss* e *pussy* e que non teñen equivalente en portugués. Lembremos, primeiro, que *puss/pussy* son variantes familiares de *cat* – en xeral como vocativo, ó igual que en portugués se usa *bicho*, *bichinho*, *bichano*. En xerga, *puss* é unha rapaza brincallona, namoradeira e, nos EUA, pode ser un termo coloquial de cara, face, fuciño, bico; boca. Aínda que o diminutivo *pussy* é feminino pasou á lingua cos sentidos de: a) o acto sexual; b) a muller, en xeral, como femia; c) a persoa de personalidade débil e submisa – o que un portugués chama *um banana*. Parece máis lóxico o verbo *to pussyfoot* na acepción de: a) moverse furtivamente; *pisar de mansinho* – a semellanza do gato cuxas pisadas ninguén oe; b) proceder cautelosamente, contemporizar.

A continuación enuméranse as palabras compostas máis correntes co substantivo *cat*. Así: a) *catboat*, barco de vela dun só mastro; b) *cat burglar*, ladrón especializado en asaltar casas gabeando paredes, muros, canos; c) *catcall*, asubío, chifra, apupo; d) *cat’s concert*, sons disonantes; e) *cat’s-cradle*, cama-de-gato (xogo infantil); f) *caterpillar*

(adaptación do francés), *bicho-da-conta*, eiruga; g) *cat's eye*, pedra preciosa (Sri Lanka, Malabar); dispositivo de vidro para sinalización vial; h) *catfish*, barbo; i) *cat-fit*, arrouto de furia, como un gato asañado; l) *catgut*, corda de tripa, para instrumentos; de aí *catgut scraper* (col), violinista; m) *cathead*, peza de ferro para iza-la áncora; n) *cat-house* é, nos EUA, un termo eufemístico da xerxa para prostíbulo, bordel; o) *catkins*, filamentos das flores de certas árbores que recordan o rabo do gato; felino, mañoso; p) *cat-lap*, té suave, só axeitado para que o lamba un gato; q) *catlike*, semellante ó gato; felino, mañoso; r) *cat-of-nine-tails*, azoute de nove pontas; s) *cat's paw*, brisa, céfiro; xoguete, fanteche doutro; t) *cat's sleep*, sono finxido, como o do gato que espreita o rato; u) *catsuit*, peza de vestuario que cobre o corpo do pescozo ós pés; v) *cat's whiskers/pyjamas* (col), súmmum, cousa excelente; x) *puss-in-the-corner* é o xogo infantil que os portugueses chaman *cinco cantinhos*; z) *cat-heads* (col), seos de muller; melóns, tetas; aa) *cat-market*, balbordo, algarada de xente que fala ó mesmo tempo; ab) *cat-nap*, soneca; ac) *cat-party* (col), reunión, festa exclusivamente feminina; ad) *cat-sticks* (col), as pernas; ae) *cat-witted*, teimoso, rancoroso; vaidoso, caprichoso; af) *cat-nap* ou *dog-nap*, soneca; *passar pelas brasas, tirar um cochilo*; ag) *copy-cat*, imitador – a quen un portugués chama *macaquinho de imitação*.

Engadindo a *cat* o sufixo *-y*, no inglés fórmase o adxectivo *catty*: a) felino; b) mañoso, ladino, renarte, arteiro; c) áxil. Engadindo ó adxectivo o sufixo *-ness*, no inglés se forma o substantivo abstracto *cattiness*, usado principalmente en sentido figurado de astucia, maña – características frecuentemente atribuídas ó gato. O verbo *to cat/catted/catting* só se relaciona co substantivo composto *cathead* e significa: levantal-a áncora. Mais *to go catting* é unha expresión coloquial que significa pasarse ó bando oposto, ó adversario, traizoar.

Moitos poetas ingleses encontraron inspiración no gato. De seguida inclúense algúns extractos de poemas de tódolos tempos que serven de exemplo disto. Thomas Master, da primeira metade do século XVII, lanza pragas contra o gato: *Or May'st thou tumble from some tower./And misse to light upon all fower./Taking a fall that may untie/Eight of nine lives, and let them flye;/Or may the midnight embers sindge/Thy daintie coate, or Jane beswinge/Thy hide, when she shall take thee biting/Her cheese clouts, or her house beshititing.* A parte máis coñecida do longo poema *Jubilate Agno*, da autoría de Christopher Smart (1722-71), é a consagrada ó gato, da que citamos algúns versos: *For the English Cats are the best in Europe./For he is the cleanest in the use of his fore-paws of any quadrupede./...For he is a mixture of gravity and waggery/...For there is nothing sweeter than his peace when at rest./For there is nothing brisker than his life in motion.* Do poeta prerromántico Thomas Gray (1716-71) é a ellexía *On the Death of a Favourite Cat* – sendo *cat*, neste caso, unha gata que, como Narciso, se deixa encantar co reflexo da súa fermosa imaxe, lánzase á auga e morre afogada. Transcribímo-la segunda estrofa do poema: *Her concious tail her paws/Her coat, that with the tortoise vies/Her ears of jet, and emerald eyes,/She saw; and purr'd applause.* O romántico John Keats (1795-1821), nun poema titulado *To Mrs Reynolds' Cat*, describe o gato dun xeito moi realista: *Cat! who hast pass'd thy grand climateric,/How many mice and rats hast in thy days/Destroy'd? How many tit bits stolen? Gaze/With those bright languid segments green, and prick/Those velver ears – and tell me all thy*

frays./Oh fish and mice, and rats and thender chick... Tamén Ted Hughes, nomeado 'Poet Laureate' en 1984, dedicoulle un poema a un gato (*Esther's Tomcat*), do que citamos dous cuartetos: *Daylong this tomcat lies stretched flat/As an old rough mat, no mouth and no eyes./Continual wars and wives are what/Have tattered his ears and battered his head./Like a bundle of old rope and iron/Sleeps till blue dusk. Then reappear/His eyes, green as ringstones: he yawns wide red./Fangs fine as a lady's needle and bright...*

Edward Lear (1812-88), o grande humorista que, malia os seus achaques de depresión, melancolía e epilepsia, tanto divertiu a xeracións sucesivas de ingleses de tódalas idades, foi un grande apaixonado do gato, como ben o proba a súa obra de deseñador e escritor. O seu gato Foss, compañeiro fiel durante dezasete anos, é mencionado frecuentemente na correspondencia do autor e quedou inmortalizado nunha serie de esbozos caricaturais que captan os distintos aspectos da súa variada personalidade: *Foss couchant, Foss rampant, Foss dansant*, etc. O gato é unha personaxe insondable na súa poesía de *nonsense*. Por exemplo: a) *The Owl and the Pussy-cat went to sea/In a beautiful pea-green boat,/They took some honey, and plenty of money,/Wrapped up in a five-pound note*, é o primeiro cuarteto dunha das súas máis populares *Nonsense Songs*; b) nos seus *Nonsense Alphabets*, a letra C está representada por *Cat*: *C was a cat,/who run after a rat/But his courage did fail/When she seized on his tail*; ou *Crafty old Cat*; ou *C was Papa's gray Cat./Who caught a squeasy Mouse;/She pulled him by his twirly tail/All about the house*.

Aliada a unha sabedoría sagaz, a imaxinación popular poboou de gatos incontables *nursery rhymes* –simples poesías infantís que foron sobrevivindo ó pasar do tempo. Séguense algunhas particularmente elucidativas do xénero: a) *A cat may look at a King,/And sure I may look at an ugly thing*; b) *The Three Little Kittens*; c) *Pussy-cat, pussy-cat, where have you been?/I've been to London to look at the Queen./Pussy-cat, pussy-cat, what did you do there?/I frightened a little mouse under a chair*; d) a fábula edificante *The Two Little Kittens*, que no primeiro dístico se envolveren nunha feroz loita pola posesión dun rato (*Two little kitens, one stormy night,/Began to quarrel, and then to fight*) para reconeceren as vantaxes da paz e do conforto no derradeiro dístico (*For they found it much better, that stormy night,/To lie down and sleep, than to quarrel and fight.*); e) a historia *The Cat and the Mouse*, en prosa e en verso, sobre o rato que consegue recupera-lo rabo que o gato lle cortara. O único que se lle parece en Portugal é a historia infantil que se resume en: *era uma vez un gato maltês que tocava o piano e falava francês*.

A mediados do século XX, o egrexio poeta T. S. Eliot publicou un delicioso libro de poesía infantil titulado *Old Possum's Book of Practical Cats*, cuxa adaptación musical en 1981 resultou ser un éxito rotundo nos palcos londinienses. A última estrofa do poema *Macavity: the Mystery Cat* achéganos o sabor de todo o libro: *Macavity, Macavity, ther's no one like Macavity/There never was a Cat of such deceitfulness and suavity./He always has an alibi, and one or two to spare:/At whatever time the deed took place – MACAVITY WASN'T THERE/And they say that all the Cats whose wicked deeds are widely known/(I might mention Mungojerrie, I might mention*

Griddlebone)/Are nothing more than agents for the Cat who all the time/Just controls their operations: the Napoleon of Crime!

O célebre conto infantil francés *Chat boité* de Charles Perrault (1628-1703) foi adaptado ó inglés co título *Puss in Boots* e o conto é un dos temas tradicionais dos espectáculos de pantomima do tempo do Nadal británico, para gozo de nenos que aínda non son vellos e de vellos que aínda son nenos.

3. O substantivo *cão*, en portugués, e *dog*, en inglés, non designan simplemente o animal. *Cão* pode ser tamén: a) peza de arma de fogo; b) peza do muiño que regula a cantidade de millo que cae na moa (esta peza tamén é chamada *cachorro*); c) barco antigo; d) príncipe, comandante oriental (en inglés *khan*). En portugués *cão* tamén pode ser adxectivo, cualificando a quen ten canas (*cãs*). *Cachorro* é diminutivo de *cão* en Portugal mentres que en Brasil é un termo corrente para o can. Tamén é un termo coloquial para: a) a cría de animais salvaxes como o lobo, o león; b) un home de mala índole; c) un rapaz inquieto. *Dog* desempeña unha función morfolóxica que lle falta a *cão*: serve para especifica-lo xénero masculino de substantivos epicenos: a) *dog-fox* –o raposo; b) *dog-wolf*, o lobo. Este substantivo tamén é un termo técnico: dispositivo mecánico para agarrar, enganchar, acoplar –especialmente en palabras compostas (*dog-clutch*, embrague de dentes/poutas; *dog-hook*, gancho dentado). A xerga inglesa fai máis uso do substantivo cá portuguesa. *Dog* pode ser un termo xenérico para home –tío, tipo, suxeito, guicho (*he is a lucky dog*), para unha muller fea e desleixada ou para aquilo que non presta, que é desprezable –ou mesmo, nos EE UU e Australia, para designar a un delator, un traidor. Máis corrente é o plural *dogs*: as populares corridas de galgos nas que se aposta coa esperanza de ver realizado o soño de facer fortuna sen traballar.

Vén de lonxe a tradición de ve-lo can como a encarnación da fidelidade. Algunhas veces a fidelidade, a dedicación pode tomar formas abxectas: cando, por exemplo, o can lle lambe as botas ó dono que o maltrata. Outras veces pode ser nobre: a fidelidade de Argos a Ulises. A fraseoloxía portuguesa reflicte este concepto: a) *ser fiel como um cão*; b) *fidelidade canina*; c) de quen é infiel dise que *é como cão que não conhece o dono*; d) unha persoa servil, que se rebaixa ante os demais compárase cun *cão sabujo* (can de buscas). O portugués reconece tamén a valiosa axuda que o can lle pode prestar, como na locución brasileira: *estar no mato sem cão* –estar só, illado, abandonado, desamparado.

Tanto en portugués coma en inglés, o can é usado como termo despectivo, como metáfora daquela persoa ou cousa que é inferior, vil, desprezable e, como tal, é tratada polo home. Así, o portugués di: a) *estar abaixo de cão* –que non merece a mínima consideración; b) *ter sorte de cão/cachorro* –non ter sorte ningunha; c) *ter vergonha de cão* –ser desaforado, desvergoñado, descarado, impudente; d) (*não*) *ser osso para andar em boca de cachorro* –(non) ser persoa que ande en boca de todo o mundo; que (non) é branco de maledicencia, censura; e) *cara de cachorro que lambeu panela* – expresión aplicada a unha persoa que é culpada dun erro, falta, parvada, delito; f) *cão tihoso* –o demo; g) a persoa desprezable, ruín é comparada polo pobo a un *cão faldriqueiro* (can faldreiro); h) *tratar alguém como um cão* é tratar con total desprezo,

de maneira inhumana; i) *morrer como um cão* –morrer no abandono, sen asistencia, sen conforto. Esta connotación pexorativa encóntrase en locucións inglesas, xeralmente da xerga ou a lingua coloquial: a) *dog's chance* –posibilidade nula; b) *dog's dinner/breakfast* –gran porquería, sucidade; c) *dog's life* –vida de can, na acepción de vida penosa, chea de dificultades, privacións, humillacións; d) *to die like a dog* –morrer humillado, en vergoña, na miseria; e) *dirty dog* –persoa mesquiña, egoísta; f) *gay dog* –persoa que leva unha vida fútil, de praceres fáciles; g) *to give/throw to the dogs* –arruinar a alguén, en xeral con fins egoístas; h) *to go to the dogs* –entrar en decadencia; dexenerar; envilecerse; i) *mad dog* –(lit) can danado, rabioso; (fig) persoa agresiva, violenta; irresponsable; l) *as sick as a dog* –con moitas náuseas, vomitando moito; deprimido, preocupado; m) *to work like a dog* –o portugués tamén di *trabalhar como um cão*, pero é máis frecuente *trabalhar como um mouro/escravo*; n) *yellow dog* –persoa desprezable; pillabán; malandrín; malvado, canalla; o) *dog-tired* –esgotado, exhausto; *a cair da boca aos cães*. Ó importar o *hot dog* norteamericano (pan con salchicha), o portugués traduciu literalmente o anglicismo: *cachorro quente*. De feito, *dogs* é un termo coloquial para nomear as salchichas. Lémbrese, con todo, que, segundo un lexicógrafo inglés, as expresións pexorativas con *dog* terían unha orixe americana e non inglesa. Aparentemente sería unha contradición inconcibible que aparecesen estas expresións nunha sociedade cunha estima polo can que raia coa idolatría. Mais, en contraste, o inglés recorre a certas razas de can como imaxe dunha persoa servil, condescendente en extremo, rastreira perante outra considerada superior: *lapdog*, *spaniel*, *poodle*. En calquera organización o *top dog* é o patrón, o xefe, o mandamais.

O can figura nalgunhas locucións portuguesas que non teñen correspondencia en inglés: a) *sete/dez/trinta cães a um osso* –moitos pretendentes a unha mesma cousa apetecible, polo xeral cunha connotación sexual; b) *como cão por vinha vindimada* –con total indiferenza, desdén, ignorándoo todo; c) *entre o cão e o lobo* –ó anoitecer; d) *manteiga em focinho de cachorro/cão/gato* –dise dunha cousa pouco duradeira, que axiña se gasta, consome ou desaparece; e) *passar manteiga em focinho/venta de cão/cachorro/gato* –facer algo de balde; prestar axuda a quen non sabe aproveitala nin apreciala; f) *estar o mar um cão* –(lit) estar o mar moi batido; (fig) non se-la situación favorable; g) *ferrar/pregar o/um cão* –non pagar unha débeda; h) *não haver cão nem gato que não...* –non haber ninguén que non...; i) *ser de raça de cão pelado* –dise dunha persoa moi friorenta; l) *do tempo em que se amarrava cachorro com lingüça* –hai moito tempo, *quando a vida era barata*; m) *não poder a cadela com tanto cachorro* –dise cando os medios, recursos dispoñibles son insuficientes para satisfacer tódalas necesidades, cando o que se lle esixe a unha persoa é máis do que pode facer; n) *andar a cair da boca dos cães* –dise da persoa de mal aspecto físico, doente, mal alimentada; o) *mentiroso que só cachorro de preá* (Brasil)-persoa moi mentireira.

Pola súa banda, o inglés recorre a *dog* para acuñar locucións cuxo sentido se expresa en portugués sen o substantivo *cão*: a) *dog eat dog* –competencia sen regras; loita implacable pola supervivencia ou pola supremacía; b) *dog in the manger* –quen garda para si algo que non precisa só para ocultarlllo ós demais; non come nin deixa comer; non desfruta nin deixa desfrutar; c) *to give a dog a bad/ill name* –crear mala

reputación; d) *a hair of the dog (that bit one)* –pequena bebida alcohólica que curaría a embriaguez; e) *to have to go and see a man about a dog/horse* –frase estereotipada para xustificar unha ausencia cun fin non indicado; eufemismo para ir ó servizo; f) *to keep a dog and bark oneself* –empregar a alguén para un traballo asignado que este acaba por facer; g) *to let sleeping dogs lie* –non causar problemas; *não acordar moscas mortas; não fazer ondas*; h) *to let the dog see the rabbit!* –exclamación para convidar a alguén a aproximarse, a xuntarse, a participar; i) *like a dog with two tails* –dise dunha persoa que está moi contenta, feliz, eufórica, en especial por conseguir algo que desexaba moito; l) *man bites dog* –o que é noticia para a prensa sensacionalista; m) *to put on the dog* –darse aires de importante; desbanca-lo importante para tentar impresionar; n) *shaggy dog story* –historia longa e complicada cun desenlace humorístico inesperado; o) *the tail wagging the dog* –situación incongruente na que se inverte a orde normal das cousas; p) *there is life in the old dog yet* –caso dunha persoa maior que conserva as súas facultades físicas e mentais; q) *to be in the doghouse* –estar castigado; ser evitado polos demais, condenado ó ostracismo; r) *top dog* –xefe, patrón; mandamais; s) *an old dog* é, en sentido figurado, unha persoa con experiencia e sabedoría (como, en portugués, o *macaco de rabo pelado*) e, de aí a locución *to teach an old dog new tricks*, xeralmente usada na forma negativa *old dogs will not learn new tricks* (as persoas maiores non se adaptan ás novidades; *burro velho não aprende línguas*); t) *it's an easy thing to find a stick to beat a dog* –é fácil encontrar un pretexto para censurar, castigar a quen non se pode defender; u) *fight dog, fight bear* –combater ata a vitoria dun dos bandos (este dito recorda os tempos nos que era popular, en Inglaterra, a loita entre un oso atado e unha manda de cans); v) a visita que non é ben recibida incomoda non só as persoas senón que *he/she worries the dog*; x) *dog biting dog* –criticar a un colega da mesma profesión; z) *to give a person the dog to hold* (xerga obsoleta) –gastarlle unha broma a alguén; aa) *the dogs have not dined* é unha frase coloquial estereotipada que se adoitaba dirixir a un home que levaba a camisa fóra dos pantalóns; ab) *dog's meat* –coloquial, de sentido xenérico para o que non presta, que é de calidade inferior, desde a comida ata un libro; ac) *dog's paste* (col, arc) –salchichas. O vocábulo *doggo* probablemente se forma a partir de *dog* e só se encontra na locución *to lie dogo*: estar inmóbil, quedo ou escondido; tentar non ser notado –frecuentemente para escapar a un castigo ou censura.

Son numerosas as palabras compostas formadas con *dog*, por aglutinación, xustaposición, sufixación: a) *dog-collar* –colar de can; (col) colariño; b) *dog-days* –o período máis quente do ano; c) *dog-eared* –(libro, etc.) cos cantos das follas dobrados; d) *dog-end* –punta do cigarro; pava, cabicha; e) *dogfight* –(lit) loita entre cans; (fig) combate entre avións de caza; desorde, liorta; f) *dogfish* –escualo; cazón; g) *doggy bag* –bolsa usada polos clientes de restaurantes ou invitados dun banquete, festa para levar á casa restos, sobras da comida; h) *to dog-paddle* –nadar como os cans; i) *dogs of war* –os maleficios da guerra; l) *dog-violet* –violeta salvaxe; m) *doglike* –canino (ademais do latinismo *canine*); n) *dogcart* –carro tirado por un can; carro de dúas rodas tirado por un cabalo, con asentos transversais de costas contra costas; o) *dogberry/dogwood* –cornello (arbusto)/froito do cornello; p) *doggerel* –calquera tipo de versos de pouca calidade; q) *doglatin* –latín macarrónico; r) *dog mess/waste* –eufemismos para as feces dos cans ingleses que enchen os xardíns, parques, paseos; s) *to dognap/dognapper* (col)

–roubar; secuestrar;/ladrón, rateiro; t) *dogsboddy* (fam) persoa sobre a que recaen tódolos traballos monótonos; *topa-a-tudo, faz-tudo*; u) *dog's bollocks* (vulg) –os testículos do can serven de imaxe para o que se considera que é dunha excelencia insuperable, o *supra-sumo* (v. *cat's whiskers*); v) *dog's-ear* –canto dobrado da folla dun libro; x) *dog's letter* –a letra R (por semellanza onomatopeica co rosmar do can, do latín *litera canina*); z) *dog's nose* –(col) bebida que é unha mistura de xenebra (*gin*) e cervexa; aa) *dog tag* (col) –medalla metálica que o soldado trae ó colo co nome, número e tipo de sangue; ab) (*to*) *dog-trot* –andar vagarosamente; ac) *dogwatch* (linguaxe náutica) –vixía de 2 horas (4 a 6; ou 6 a 8 da tarde); ad) *doghouse* –caseta do can; canceira; ae) *dog-cheap* –moi barato; *pelo preço da uva mijona/da banana/da chuva*; af) *proud as a dog in a doublet* (col, desuso) –inchado de vaidade, de soberbia; ag) *whose dog is dead?/what dog is a-hanging?* (col, obsoleto) –¿e logo? ¿que hai?; ah) *dog-gone* (xerga; eufemismo de *god-damned*) fantástico, formidable; interxección de impaciencia; partícula intensificadora (*dog-gone arrogant*). Algo semellante a este último exemplo, en portugués (sobre todo no Brasil), é o uso da locución *para cachorro* co sentido de: en gran cantidade, con grande intensidade.

Segundo un proceso típico da lingua, o inglés transforma o substantivo en verbo: *to dog/dogged/dogging* –seguir de cerca, insistentemente; perseguir –*como o cão atrás da caça*. O participio pasado é monosilábico e frecuente en sentido figurado. Por exemplo: *the journey was dogged by bad weather; the company is being dogged by poor management*. Como cualificativo, *dogged* é disilábico: aferrado, afincado, obstinado, perseverante, insistente, teimoso, tenaz. A locución coloquial *It's dogged as does it* quere dicir: a persistencia triunfa, *A quem persiste nada resiste*. A partir do adxectivo, co sufixo –*ness*, fórmase o substantivo *doggedness*: afán, obstinación, perseverancia, insistencia, pertinacia, tenacidade –calidades tradicionalmente atribuídas ó can. É vulgar dicir *to dog* na acepción de ter relacións sexuais imitando os cans. Na xerga londiniense, *to dog away one's time* significa: lacazanear.

O inglés forma varios adxectivos a partir do substantivo *dog*: a) o diminutivo *doggie/doggy* –semellante ó can; b) *doggish* –un tanto canino; *a deitar para cão*; asañado, rabioso. Substantivado, *doggie/doggy* é diminutivo de can: canciño. O adxectivo *dogled/ged* pode te-lo sentido figurado de: angular, curvo, torto –como a pata traseira dun can. Co sufixo –*er*, fórmase o verbo coloquial *to dogger* (enganar, engaiolar, enlear –especialmente nunha transacción) e, a partir do verbo, o substantivo correspondente, *dogger* (engano, mentira, pantomima; ou mesmo parvada, estupidez, tolada, disparate).

Bitch (cadela), feminino de *dog*, serve para precisa-lo feminino de certos animais: *bitch fox* (raposa femia); *bitch wolf* (loba). A cadela e o can son tratados de *girl* e *boy* de forma cariñosa polos seus respectivos donos. Pero *bitch* é un tratamento ofensivo para as mulleres –alén doutros coma *cow* (vaca), *mare* (egua), *sow* (porca). O equivalente máis corrente, en portugués, é *cabra*. Co sufixo –*y* o inglés forma o adxectivo *bitchy*, o cal ten un marcado acento pexorativo e cualifica a quen é desleal, rancoroso, ruín, venenoso, vingativo. Esta connotación desprezativa está tamén patente: a) no verbo *bitch* (EE UU) –criticar; escarnecer; protestar; enganar; b) na locución *the bitch goddess* –éxito, triunfo en cuestións materiais, mundanas; c) na locución coloquial *to*

act like a bitch –enfurecerse; *ficar pior que uma barata/fera*; *dar saltos de corça*; d) no termo vulgar eufemístico *son of a bitch* (tamén na forma contraída *sob*) –fillo de puta.

Para unha comprensión máis completa da relación do can coa sociedade anglosaxona, convén recordar dous grandes concursos caninos ós que a televisión deu maior popularidade. Un deles é o *Cruft's*, que ten lugar anualmente, en Inglaterra, no mes de febreiro. Organizado por primeira vez por Charles Cruft en 1886, é un elegante desfile de snobismo social e de vaidade humana e canina. No extremo oposto están os *dog trials*, concursos de cans pastores que, obedecendo os asubíos do pastor, xuntan e conducen as ovellas cara ó curral. Reticente a someterse ó exhibicionismo do home, o gato non se presta a tales manifestacións de servil obediencia –a súa independencia e dignidade repudian, con olímpica indiferenza, os aplausos, as louvanzas, as recompensas que estes espectáculos prometen. Este contraste entre a obediencia do can e a rebeldía do gato está captado con palabras sinxelas na *nursery rhyme* que comeza con estes dous versos: *The Dog will come when he is called, / The Cat will walk away.../*

Con todo, onde o inglés plasma mellor a súa identificación co can é no dito popular: *Love me, love my dog* –un amigo verdadeiro dun inglés ten que ser, tamén, amigo do seu can. Os franceses impoñen unha regra de convivencia social idéntica ó diciren: *Qui aime Bertrand aime son chien*. En cambio, en contrapartida, os ingleses tamén din, sen compaixón, *Try it on the dog* cando cren que un determinado experimento implica riscos serios e, por iso, deberá facerse primeiro cun can para, por exemplo, saber se unha comida non está estragada.

Este culto do can leva, naturalmente, á súa humanización, da que é un perfecto exemplo a obra de Virginia Woolf (1882-1941) *Flush*. Este libro é unha biografía íntima dos poetas Robert Browning (1812-89) e Elizabeth Barrett Browning (1806-61), na que a intensa relación amorosa dos dous escritores é acompañada polo *cocker spaniel* de Elizabeth, chamado Flush. Paréceme, con todo, que a percepción máis lúcida sobre a interpretación das personalidades do home e do can resultante da súa longa e íntima convivencia, nas máis variadas condicións da sociedade anglosaxona, é a que nos presenta o humorista norteamericano James Thurber (1894-1961) nos seus numerosos artigos e debuxos, especialmente os seleccionados por Penguin's Books na antoloxía *Thurber's Dogs*.

Para demostrar ata onde chega o culto do can en Gran Bretaña, o escritor surafricano Roy Campbell (1901-57), quen viviu moitos anos en Portugal, suxire, nun dos seus libros (*Portugal*, 1957), que quen queira conquistar facilmente a Gran Bretaña moderna só tería que invadila con paracaidistas que, amais das súas armas habituais, deberían pisar solo británico con canciños nos brazos porque ninguén tería a crueldade de abrir fogo sobre eles... ¡por temor a matalos! Para que este estratexema fose absolutamente infalible podería recomendarse que a metade das forzas invasoras desembarque con cans e a outra metade con gatos.